

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A REPRESENTANTE DOS TRABALLADORES E DAS TRABALLADORAS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 24/13002

### Feitos

Con data do 17/03/2025, a representante dos traballadores e das traballadoras da comisión de selección da praza 24/13002 de profesor/a substituto/a do Departamento Ciencias da Saúde (convocada por Resolución reitoral do 4 de decembro de 2024), Carmen de Labra Pinedo, comunica que incorre con algún/ha candidato/a en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos:

Con data do 18/03/2025, o presidente do Comité de Empresa propón como nova representante a Emma Rodríguez Maseda.

### Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso a causa alegada xustifica a súa substitución.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución do seguinte membro da comisión de selección da praza 24/13002:

Substitución de Carmen de Labra Pinedo por Emma Rodríguez Maseda como representante dos traballadores e das traballadoras.

A Coruña, 18 de marzo de 2025

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández